públicos mencionados así como ás súas vivendas, xa que a mellora consistirá esencialmente no acondicionamento de interseccións coa creación de carrís centrais de saída e incorporación, carrís laterais ou cuñas de aceleración e deceleración, para o cal será preciso ensanchar a plataforma nalgún treito.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día catorce de xaneiro de dous mil dez,

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, así como en calquera das modificacións que sexa necesario realizar para a súa execución, para os efectos de expropiación no proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na estrada AC-552 (clave AC/07/236.06).

Santiago de Compostela, catorce de xaneiro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 18 de xaneiro de 2010 pola que se convocan cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se desenvolverán nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no ano 2010.*

O Estatuto de autonomía para Galicia establece que os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial do idioma galego e potenciar o seu emprego. Neste sentido, o artigo 1º do Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dispón que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, o artigo 59 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as escolas oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Nesta mesma lei, no punto 4 do artigo 60, establécese que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

Por iso, en uso das funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar, con carácter gratuíto, cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), nos niveis 1, 2, 3 e 4 para o ano 2010, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican no anexo II.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro e a segunda en outubro de 2010, en horario de mañá ou de tarde segundo a dispoñibilidade de aulas.

Artigo 2º.-*Beneficiarios dos cursos.*

Os cursos van dirixidos a todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou a aquelas que os cumpran no ano natural da convocatoria, que necesiten certificar a súa competencia da lingua galega.

Artigo 3º.-*Solicitudes e prazos.*

As solicitudes, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, poderanse presentar na propia escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso a partir do día seguinte ao da publicación desta orde e ata cinco días antes da data establecida por cada escola oficial de idiomas para o inicio do curso.

As listas de seleccionados para participar nos cursos, así como as datas de comezo destes, faranse públicas tanto nos taboleiros de anuncios da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso como na súa páxina web.

Artigo 4º.-*Constitución de grupos.*

Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25. No caso de que non se acade o número mínimo, decaerá a súa realización, agás autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. No caso de suspensión do curso, esta circunstancia será comunicada aos solicitantes.

Artigo 5º.-*Características dos cursos: contidos e avaliación.*

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2. Cada curso terá unha duración de 60 horas lectivas, coa obrigada presenza de todo o alumnado.

3. Corresponderalle ao profesorado de galego da escola oficial de idiomas a realización da programación destas horas, de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

4. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

5. A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega Celga, cuxa xestión e expedición compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

6. Os cursos serán gratuítos para todos os participantes.

Artigo 6º.-*Profesorado.*

Estes cursos serán impartidos polo profesorado dos departamentos didácticos de lingua galega das escolas oficiais de idiomas que realizasen o correspondente curso de formación previo para a docencia dos cursos preparatorios de lingua galega (Celga).

O profesorado de cada curso será o responsable de programar e desenvolver os contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

*Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***CURSOS PREPARATORIOS PARA OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA, CELGA, PARA DESENVOLVER NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA*** | ***ED104H*** | ***SOLICITUDE*** |

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

| D./DNA. | | | | NIF |
|---|---|---|---|---|
| ENDEREZO | | PROVINCIA | | CONCELLO |
| LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |

**DATOS DO CURSO SOLICITADO**

| NIVEL | | |
|---|---|---|
| ☐ **CELGA 1** ☐ **CELGA 2** ☐ **CELGA 3** ☐ **CELGA 4** | | |
| EOI DE REALIZACIÓN | DATAS | HORARIO |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

| LEXISLACIÓN APLICABLE | (Para cubrir pola Administración) |
|---|---|
| *Orde do 18 de xeneiro de 2010 pola que se convocan cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se desenvolverán nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no ano 2010.* | RECIBIDO |
| SINATURA DO/A SOLICITANTE<br><br>, de de | REVISADO E CONFORME |

NÚMERO DE EXPEDIENTE ____________

DATA DE ENTRADA ____/____/______

DATA DE EFECTOS ____/____/______

DATA DE SAÍDA ____/____/______

*Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*
*Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*

*ANEXO II*

**Relación de cursos Celga ofertados**

EOI Santiago

| Nivel | Quenda | Horarios | | Días |
|---|---|---|---|---|
| | | Mañá | Tarde | |
| Celga 2 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | Por determinar | | Por determinar |
| Celga 3 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | Por determinar | | Por determinar |
| Celga 3 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | | Por determinar | Por determinar |

EOI Pontevedra

| Nivel | Quenda | Horario | | Días |
|---|---|---|---|---|
| | | Mañá | Tarde | |
| Celga 4 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | 10.00-12.00 | | Martes e xoves |
| Celga 4 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | | 16.30-18.30 | Martes e xoves |
| Celga 2 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | 12.00-14.00 | | Luns e mércores |
| Celga 2 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | | 20.00-21.30<br>18.30-19.30 | Martes e xoves<br>Venres |
| Celga 4 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | Por determinar | | Por determinar |
| Celga 4 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | | Por determinar | Por determinar |

EOI Ourense

| Nivel | Quenda | Horario | | Días |
|---|---|---|---|---|
| | | Mañá | Tarde | |
| Celga 2 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | 11.30-13.30 | | Martes, mércores, xoves e venres |
| Celga 4 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | 16.00-18.00 | | Luns, martes, mércores e xoves |

EOI Lugo

| Nivel | Quenda | Horario | | Días |
|---|---|---|---|---|
| | | Mañá | Tarde | |
| Celga 1 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | Mércores: 11.00-13.30<br>Venres: 9.00-11.30 | | Mércores e venres |
| Celga 4 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | | 15.30-18.00 | Martes e xoves |

EOI Vigo

| Nivel | Quenda | Horario | | Días |
|---|---|---|---|---|
| | | Mañá | Tarde | |
| Celga 1 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | | 17.00-19.00 | Mércores e venres |
| Celga 4 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | | 18.30-20.00 | Luns, martes e xoves |
| Celga 1 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | | 17.00-19.00 | Mércores e venres |
| Celga 4 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | 9.30-12.30 | | Martes e xoves |
| Celga 4 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | | 18.30-20.00 | Luns, martes e xoves |

EOI Ferrol

| Nivel | Quenda | Horario | | Días |
|---|---|---|---|---|
| | | Mañá | Tarde | |
| Celga 3 | 2º cuadrimestre 2009-2010 | | 16.00-17.30 | Por determinar |
| Celga 1 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | Por determinar | Por determinar | Por determinar |
| Celga 3 | 1º cuadrimestre 2010-2011 | Por determinar | Por determinar | Por determinar |

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

## CONSELLERÍA DO MAR

*Orde do 21 de xaneiro de 2010 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convoca para o exercicio 2010 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto.*

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP), que substitúe o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro. Este regulamento establece a posibilidade de apoiar os investimentos no ámbito da transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

En cumprimento desta disposición, e dada a importancia social e o gran peso específico das industrias de transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca dentro no tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse a Orde do 24 de abril de 2008 (DOG nº 86, do 6 de maio) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo, e se convocan para o exercicio 2008. Posteriormente publicouse a Orde do 12 de febreiro de 2009, que modificaba as bases reguladoras e particularizaba as axudas para o exercicio 2009.

A Orde do 12 de febreiro de 2009 establece no seu artigo 3 que as subvencións se concederán con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do Programa operativo do Fondo Europeo da Pesca (FEP) 2007-2013 sinale a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, en cada anualidade sucesiva ata o ano 2013 fixarase por unha orde complementaria o crédito anual existente.

Por outra banda, o 29 de febreiro de 2009 publicouse o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que entrou en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, é dicir, o día 29 de marzo de 2009.

A aplicación práctica da Orde do 12 de febreiro de 2009, así como a entrada en vigor do Decreto 11/2009, aconsellan a adaptación da orde á citada normativa así como a modificación de aspectos puntuais do seu articulado, que non afectan aspectos esenciais dela pero que pretenden achegar unha maior comprensión de cara ao potencial beneficiario e mesmo aos órganos xestores das axudas. Consecuentemente, para esta mellor comprensión e para